

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación AmbientalSan Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**XACOBEO 2010**
Galicia**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 14 DE DECEMBRO DE 2009, RELATIVA Ó ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA PARA A ZONA DE BARREDO, BASADRE, EIDIÁN E RAMIL, NO TERMO MUNICIPAL DE AGOLADA-PONTEVEDRA PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL, CLAVE: 2006/0313****ANTECEDENTES**

Por solicitude dos veciños de Barredo, Basadre, Eidian e Ramil, no concello de Agolada (Pontevedra), a Dirección xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, hoxe Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, promoveu o proceso de concentración parcelaria sobre 2.130 ha das citadas parroquias.

A antedita concentración parcelaria atópase entre os proxectos contemplados no Anexo I, grupo 9, apartado c, epígrafe 9, do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos no que se recollen os proxectos de concentración parcelaria que se desenvolvan en zonas especialmente sensibles designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE ou en humidais incluídos nas listas do convenio RAMSAR. Neste caso a zona de estudo inclúe parte do espazo declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais " LIC., Serra do Careón".

Asemade, dadas as características do proxecto este poderíase incluír no grupo 1, apartado a, do anexo II do antedito Real Decreto Legislativo, que contempla os proxectos de concentración parcelaria, xa que en atención os criterios do anexo III, cabe destacar os seguintes aspectos:

- No que respecta a hidroloxía superficial o ámbito de estudo está limitado polo Norte polo río Ulla. Hai tamén varios regos menores que cruzan o ámbito como o Pamiceira, Rego de Amance e o Rego de Ouzal, ademais de outros de menor entidade. Como consecuencia das obras poderanse provocar procesos erosivos, arrastres de partículas e vertidos accidentais que afecten á calidade das augas desta zona.
- O desenvolvemento do proceso de concentración, principalmente as actuacións que impliquen movementos de terras, talas de arbores e eliminación de lindes, producirán fenómenos erosivos, unha simplificación da paisaxe e a transformación da estrutura dos hábitats da zona, o que afectará á conservación das comunidades animais e vexetais da zona (entre as que se atopan especies ameazadas, endémicas e importantes formacións de vexetación autóctona e de ribeira).
- O proceso de concentración parcelaria podería inducir danos nos elementos patrimonio cultural identificados na zona de estudo, entre os que se atopan elementos arqueolóxicos, etnográficos e arquitectónicos.

No anexo I da presente declaración inclúese un resumo da actuación e do medio, no anexo II as medidas protectoras e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental e no anexo III un croquis da zona de actuación.

Mediante resolución de data 16 de maio de 2007 (DOG nº 114, do xoves 14 de xuño de 2007), da entón Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, someteuse a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria para a zona de Barredo, Basadre, Eidian e Ramil (Agolada-Pontevedra), sen que nese período, se teñan presentado alegacións.

Con datas de 16 e 27 de outubro de 2008 recibense na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, hoxe, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o proxecto remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, acompañado dos informes

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIÁN E RAMIL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



emitidos polas Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, Conservación da Natureza, Montes e Industrias Forestais e Augas de Galicia.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental, formula ós sos efectos ambientais a Declaración de Impacto Ambiental (de agora en diante DIA) para a referida zona de concentración parcelaria.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria das parroquias de Barredo, Basadre, Eidian e Ramil (Agolada-Pontevedra), é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións establecidas nesta DIA, ademais das incluídas no estudio de impacto ambiental, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o indicado nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, de manifestarse calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano, a iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo, poderá ditar ós sos efectos ambientais, condicionados adicionais ós anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio, ou a solicitude do promotor ó obxecto de incorporar medidas que aporten unha maior protección ó medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultados para a súa implantación ou impliquen modificacións importante da actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta última. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, aportando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Secretaría Xeral.

1. ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ás obras definidas no documento Estudio de Impacto Ambiental da Concentración Parcelaria de Montes de Barredo, Basadre, Eidian e Ramil. (Agolada), cunha superficie total de 2.130 hectáreas, referida á área de estudo no Plano nº 1: Plano de Localización.

2. CONDICIÓN XERAIS

2.1.-FASE DE FORMULACIÓN.

2.1.1.-Definirse a localización da zona destinada a parque de maquinaria, casetas de obra, amoreamentos de materiais, almacenamento de residuos, etc seleccionaranse para isto, zonas con escaso valor ambiental, afastadas de cursos de auga ou xacementos arqueolóxicos, con escasa ou nula pendente. Na medida do posible non se situaran próximas a núcleos de poboación, co fin de minimizar as posibles molestias por rúidos, ou outros producidos pola maquinaria.

2.1.2.-No caso de que da compensación de terras efectuada no proxecto, se detectara que existen sobrantes, definiranse as posibles zonas para o seu depósito. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes, identificados no estudio ambiental.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL.
 PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
 LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
 CLAVE: 2006/0313



2.1.3.-No caso de que nos camiños de servizo sexa preciso habilitar barreiras canadenses para limitar os movementos do gando, deberán preverse medidas que permitan o escape dos pequenos animais que caian nos foxos, para isto preveranse vías de escape nos laterais ou preferentemente elevaranse as barreiras sobre a rasante do terreo.

2.1.4.-No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental; lindes arboradas, valados de pedras, sebes, etc. Para isto, procurarase na medida do posible adaptar estes elementos lineais definitorios ós lindes das novas parcelas de achega, e o traslado e reemprega dos pechos das antigas parcelas que vaian a quedar sen uso, no interior dos novos predios.

2.1.5.-Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria, no que se desenvolvan e presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística ós que fai referencia ó estudo de impacto ambiental. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- En canto ás especies a empregar:
 - Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan, (sexan árbores, arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou outra similar, segundo criterios bixeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.
 - Deben ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, estación ou localización vai a estar definido pola interdependencia e interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, altitude, pendente exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna, flora, ciclos de nutrientes, etc) e factores bióticos.
 - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir a competencia interespecifica e intraespecifica entre as especies que se implanten debe posibilitar ó éxito da restauración, adoptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc).
 - No caso de ser necesaria a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas, procurarase que sexan replantadas na medida do posible, empregándoas na restauración, de todos modos recoméndase a preservación dos mesmos, actuando unicamente sobre pes mortos ou moi danados.
- Maximizarase a diversidade de especies a empregar na zona de restauración tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal, para as labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

2.1.6.-Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental baseado na proposta incluída no estudo de impacto ambiental, no que se incorporarán aqueles aspectos a controlar que xurdan ó longo da fase de formulación, así como todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O Programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudio



ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente Declaración, deberá designarse un/s responsables do control desta.

Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade Homologada, e os resultados deben vir asinados por un técnico competente.

Fixaranse, para todas as fases, os indicadores ambientais e a periodicidade dos controis e os umbráis (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian a empregar en cada caso.

As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.

2.1.7.-Co fin de dar cumprimento ó estipulado pola normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica, o proxecto da rede de camiños asociada ó proceso de concentración parcelaria incluírá estudio acreditativo do seu impacto acústico.

2.2.-FASES DE EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN.

2.2.1.-No perímetro das zonas destinadas a parques de maquinaria ou acopios de materiais se realizarán pequenas obras de contención hidráulica (canles, pequenos diques ou outros) que eviten a entrada de augas de escoamento e a conseguinte dispersión de residuos.

2.2.2.-Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante a execución das obras, ademais da rega de superficies, prevista no estudo ambiental, os camiós que transporten terra ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos. Asemade, se fora preciso, procederase ó lavado das rodas dos camiós á saída da zona de obras.

2.2.3.-Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura, precisarán da autorización do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia. Neste sentido deberán terse en conta en todo momento, as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril e posteriores modificacións), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento de Ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

2.2.4.-Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións, ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado ou non, pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria. Asemade, respectaranse os mananciais que existan na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso, se resultase necesario para a execución das obras. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

2.2.5.-Non se acumularán entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materias ou substancias, nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estas;

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escoamentos, chuvias ou enchentes.

2.2.6.-Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de material ladeira abaixo.

2.2.7.-Co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas, segundo avanza a obra, procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte ou terraplén, nas zonas afectadas por movementos de terras.

2.2.8.-A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente anteriormente. Prohíbese o lavado de maquinaria e utilaxe nos cursos de auga. A este respecto estarase ó disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no decreto 130/1997, do 14 de maio polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais e, de acordo co indicado no estudio ambiental levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, tendo en conta o sinalado no punto 3.1.7 desta DIA.

2.2.9.-No caso de realizarse voaduras, disporanse os medios precisos (redes, lonas, etc...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ó contorno. En calquera caso, se estes se producen, deberán ser retirados das zonas de impacto e depositados en vertedoiros autorizados.

2.2.10.-De ser preciso o emprego de formigón, evitárase a súa elaboración na propia obra adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

2.2.11.-Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución, e da traza dos camiños de concentración, evitando afeccións fóra destes límites.


2.2.12.-As labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizarase en talleres autorizados, sempre que sexa posible, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), ditas tarefas realizaranse nas zonas destinadas a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo ós medios preciso para recoller posibles verteduras.

2.2.13.-Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura. Os envases baleiros de produtos fitosanitarios deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou entregados a xestor autorizado. Os envases que conteñan produto e que estean fora de uso xestionaranse como residuos perigosos e serán entregados xestor autorizado.

2.2.14.-Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar a rede hidrolóxica, charcas, brañas, ou zonas con vexetación de interese, adoptando todas as medidas precisas para a súa preservación, ademais das propostas no estudio ambiental. Prestarase especial atención ó balizamento de ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria e/ou vehículos de obra. Evitarase a intervención simultánea sobre diversos cursos na mesma bacía procurando graduar os traballos para evitar unha acumulación de sólidos en suspensión no leito principal.

2.2.15.-No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a empregar na construción de novos camiños (para as bases ou subases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos da construción e demolición.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL, Santiago.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313


Activo Alberto Rodríguez Barido



2.2.16.-Con carácter xeral, e tendo en conta o indicado no punto anterior, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa. Neste caso, seleccionaranse zonas que xa vaian a ser afectadas pola obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos resultantes deberán ser restaurados ó remate da obra.

2.2.17.-Previamente ó depósito de sobrantes procedentes dos movementos de terra, se os houberse, nos lugares seleccionados de acordo co indicado no punto 2.1.2 desta DIA, deberase contar cos correspondentes permisos.

2.2.18.-A eliminación de vexetación reducirase ó estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ó balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental, existentes, a fin de que non resulten eliminadas ou afectadas no proceso de concentración. Nas tarefas de eliminación da vexetación evitarase sempre que sexa posible o uso do lume, en todo caso, para realizar calquera tipo de queima ou lume contarase con todos os permisos precisos.

2.2.19.-En relación coa preservación do arboredo, estarase ó indicado no estudo ambiental e ó establecido nesta DIA. Non obstante sinalar que para calquera aproveitamento da vexetación de ribeira estarase ó disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previo á corta de árbores terá que realizase a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme ó disposto no Regulamento de Montes e demais normativa de aplicación.

2.2.20.-Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a súa valorización, non recomendándose a queima "in situ" destes restos. No caso de que a biomasa sexa depositada no terreo procederase a súa trituración, espaxamento e incorporación ó solo (por exemplo, mediante pase de grada ou fresa), de modo que se diminúa o risco de incendios forestais e se evite a aparición de pragas e enfermidades.

2.2.21.-Para o acondicionamento das parcelas evitarase a realización de labores agrícolas en profundidade e/ou demasiado agresivas coa estrutura do solo.

2.2.22.-Se na zona de concentración existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados pola obras.

2.2.23.-Desenvolveranse as labores de restauración e integración paisaxística os que fai referencia no punto 2.1.5 desta DIA, paralelamente ó avance da obra sempre que sexa posible e co fin de lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixiarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo a reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

2.2.24.-A terra vexetal e os xabres obtidos nas obras de execución dos camiños amorearanse ó longo das trazas, en montóns diferenciados (terra, xabre), que non terán unha altura superior a 1.5 metros, para facilitar a súa aireación. Se o período de almacenamento é superior os 6 meses os amoreamentos de terras, sementaranse e regaranse cando sexa preciso.

2.2.25.-No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas autorizadas destinadas a ese fin.

2.2.26.-Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar ó paso dalgúnha vía deberán implementarse rotas alternativas que presten o mesmo servizo.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



2.2.27.-No caso de deterioro de estrada, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente, debido ó proceso de concentración parcelaria, deberá restituirse ó estado previo ó inicio das obras.

3. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

3.1. Fase de formulación.

3.1.1. En relación á protección do patrimonio cultural estarase ó seguinte.

3.1.1.1. Non se poderán executar pistas de novo trazado nas áreas de protección integral e de respecto dos elementos de patrimonio cultural. A realización de calquera tipo de obra nas áreas de protección dos elementos, precisará o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

3.1.1.2. Cando se definan os Proxectos de Obras, Concentración e Acondicionamento de fincas e previo o inicio das obras en cada un destes proxectos, deberá remitirse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para o seu informe, cunha avaliación do impacto de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración parcelaria. Esta documentación deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar: delimitación dos ámbitos de protección e o seu reflexo na fotografía aérea e na cartografía catastral, especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, e proposta de medidas protectoras e correctoras.

3.1.1.3. Deberase ter en conta que unha vez informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, os documentos ós que se fai referencia no punto anterior, debera realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito da zona de concentración parcelaria. A tal fin, e previo o inicio das obras, se elaborará un proxecto arqueolóxico que terá que se autorizado por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- Coma Anexo ó proxecto arqueolóxico, deberase recoller, na cartografía empregada polo persoal durante o transcurso da mesma, un plano no que figurarán as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do Patrimonio Cultural, xunto coas súas áreas de exclusión e cautela (obxecto do Control e seguimento Arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos precisos para a súa comprensión.

3.1.1.4. No deseño dos Proxectos de Obras, Concentración e Acondicionamento de fincas, deberase ter en conta, adoptando as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación os antigos camiños e corredoiras, valos de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuran estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio. Os que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto da recuperación, desmontándoos e aproveitándoos para definir novas fincas.

3.1.1.5. En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas, en cada unha destas fases, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e valorarase a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

3.1.1.6. Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

3.1.2. En relación coa protección do patrimonio natural, estarase ó seguinte:

3.1.2.1. No proceso de concentración parcelaria preservaranse integramente os seguinte hábitats prioritarios e espazos naturais protexidos:



- Zona de especial protección dos Valores Naturais "Serra do Careón".
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, Código 4220*. Hábitat prioritario.
- Uceiras secas europeas. Código 4030.
- Uceiras oromediterraneas endémicas con toxo. Código 4090.
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Códigos 9230.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno pandión, Alnión incanae, Salición albae). Código 91E0*
- Humidal "Área recreativa Santiso-Agolada".

- Outras zonas a conservar, sinaladas dentro do estudio, son as seguintes:

- Especies consideradas en estado crítico segundo o Libro Vermello da Flora Vascular Ameazada de España (2003): *Santolina melidenses*, *Armeria merinoi* e *Leucanthemum gallaecicum*.
- O hábitat prioritario correspondente ó bosque de ribeira.
- As formacións boscosas de vexetación autóctona de carballos e castiñeiros.
- Elementos arbóreos termófilos, fundamentalmente sobreiras.
- Lindes arboradas.
- Riqueza etnográfica e patrimonial

3.1.2.2. Unha vez se teñan definidas as accións a levar a cabo na zona de concentración parcelaria (no relativo ó proxecto de camiños e o proxecto de concentración parcelaria), e previamente ó inicio da obras, o promotor remitirá á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, para o seu informe, unha avaliación do impacto e proposta de medidas preventivas e correctoras e de seguimento, das accións de ditos proxectos sobre os elementos do medio natural, referidos nos puntos anteriores.

3.1.2.3. Na fase de replanteo revisaranse os impactos e valorarase a aplicación das medidas correctoras.

3.1.2.4. As conclusións obtidas dos traballos realizados, conforme ós puntos 3.1.2.2 e 3.1.2.3 deberanse considerar durante toda o proceso de concentración, pero se terán especialmente en conta no deseño da rede viaria e dos predios de substitución, procesos nos que se aplicarán todas as medidas precisas, ademais das propostas no estudio ambiental e as establecidas nesta D.I.A. co fin de evitar ou minimizar as afeccións ós elementos citados no punto 3.1.2.1.

3.1.3. Na definición dos trazados da rede de camiños teranse en conta as seguintes medidas, ademais das sinaladas no estudo ambiental:

1. Aproveitarase o máximo posible a traza dos camiños existentes, minimizando a execución de novos accesos ás parcelas. Evitaranse longos tramos de trazo rectilíneo, sendo preferible que a traza se adapte ó relevo natural co fin de acadar unha mellor integración paisaxística da infraestrutura.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL.
 PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
 LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
 CLAVE: 2006/0313



2. Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que na rede viaria deberán dispoñerse as estruturas de drenaxe necesarias para elo, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto presa en épocas de máxima precipitación.
3. Á saída dos pasos de auga colocaranse dispositivos protectores ou de disipación de enerxía para evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas de drenaxe ós cursos naturais. Incorporarase o seguimento de fenómenos erosivos ó proceso de seguimento ambiental das obras e explotación.
4. No caso de ser imprescindible o cruce de cursos fluviais, empregaranse pontes sempre que sexa posible (procurando que os piares non se coloquen no leito e que os estribos se sitúen a máis de 5 m a cada lado do mesmo) ou, no seu defecto, obras de paso tipo pórtico, evitando pasos tipo marco ou tubo con fin de manter as canles no seu estado natural. En calquera caso, o deseño que se adopte deberá permitir o paso da fauna ictícola en datas de escaso caudal. Así mesmo, adoptaranse as medidas precisas para evitar a sobreelevación das augas, que non poderá ser superior a 10 cm, e o aumento da área inundable.
5. Unha vez definido o proxecto de camiños, deberá se remitido á Dirección Xeral de Montes, co fin de que esta, previo o inicio das obras, o informe positivamente.

3.1.4. Desenvolveranse as medidas necesarias, entre elas as sinaladas no estudo ambiental, para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións ou peches, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos e as cortas indiscriminadas de vexetación ante a incerteza dos actuais propietarios das parcelas pola titularidade futura destas.

3.1.5. Definiranse con detalle e incorporaranse ó proxecto definitivo as medidas correctoras necesarias para minimizar a afección sonora co fin de garantir o cumprimento do disposto na Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e, no caso de que dispoñan delas, nas ordenanzas municipais do Concello de Agolada.

3.1.6. O deseño dos sistemas de drenaxe garantirá a non xeración de zonas asolagadas augas arriba das mesmas, así como a xeración de variacións no sistema hidrolóxico. En referencia a isto último, queda prohibido o trasfega entre microbacias.

3.1.7. Ademais de cumprir o sinalado no punto 2.1.6 da DIA, o programa de vixilancia ambiental deberá contemplar especificamente os seguintes aspectos:

1. Elaborarase un plan de seguimento do nivel de ruído durante a execución das obras, debendo constar os puntos de mostraxe, metodoloxía, periodicidade dos controis e límites a impoñer, elixindo como puntos de control as vivendas ou edificacións habitadas máis próximas ás zonas onde estea previsto executar obras. Dito plan de seguimento basearase no disposto no Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.
2. Plan de control da calidade da auga dos cursos fluviais afectados polas obras, indicando metodoloxía, periodicidade e límites a impoñer ós diferentes parámetros, seleccionando puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo da zona dos cursos fluviais afectados. Considérase que, como mínimo, os parámetros a analizar son os seguintes: **temperatura, materias en suspensión, pH, osíxeno disolvo, condutividade e aceites e produtos lubricantes**. Este plan completarase cunha estimación do nivel de colmatación de finos no leito dos tramos de depósito dos ríos, regos e regatos que poidan verse afectados polas obras, que incluírá a realización dunha reportaxe fotográfica que reflecta o seu estado.


ACORDADO EN REUNIÓN DE 15/06/00



Estes controis deberán permitir coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade indicados no *Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais*.

3. Plan de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, incluíndo un control da aparición de fenómenos erosivos e asolagamentos, tanto para a fase de obras como para a de explotación.
4. Plan de vixilancia do mantemento das infraestruturas viarias, aplicable á fase de explotación.
5. *Plan de Prospeccións Previas* e de Acompañamento dos procesos de despexe e roza en atención a evitar afeccións sobre as zonas e hábitats sinaladas nos puntos 3.1.2.1. Se acompañará dos oportunos protocolos de comunicación co Servizo Provincial de Conservación da Natureza, que incluírán ademais, os procedementos a seguir en caso de posibles encontros con especies protexidas durante a execución das obras.

En todos os casos situaranse os puntos de control propostos nun plano a escala 1:5.000 ou maior detalle.

6. Terase en conta que previamente ó inicio das obras deberán levarse a cabo as campañas preoperacionais dos plans de seguimento do nivel de ruído (no caso de que resulte necesario adaptar a incluída no estudo ambiental), control da calidade das augas e nivel inicial de finos nos leitos dos ríos. Os resultados de ditas campañas incorporaranse nos informes de seguimento ambiental (tanto nos da fase de obra como a de explotación) para comparalos cos datos obtidos en cada período de seguimento.

3.1.9. Previamente ó inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación, o proxecto de concentración e o de camiños, no que se incluírá un anexo específico sobre a adecuada inclusión en dito proxecto tanto das medidas protectoras e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental como do condicionado desta DIA.

3.2. Fase de Obras

3.2.1. Os hábitats naturais e outras zonas a protexer, existentes no ámbito, serán identificados e delimitados de forma que se eviten agresións innecesarias sobre os mesmos.

3.2.2. Os elementos do patrimonio cultural serán identificados e balizados axeitadamente.

3.2.3. Replantearase, especificamente, o trazado da rede viaria a desenvolver.

3.2.4. A época onde se realicen operacións de despexe e/ou roza non será coincidente coa da reprodución das especies da avifauna existentes no ámbito.

3.2.5. Previamente ó desenvolvemento de calquera operación de despexe e/ou roza prospectarase o ámbito afectado pola mesma, ó mesmo tempo que se volverá a facer unha prospección de acompañamento do proceso de despexe e roza en atención a evitar afeccións sobre hábitats naturais e zonas consideradas na condición 3.1.2.1.

3.2.6. No caso de encontrarse con algunha das especies ou hábitats sinalados, deberá respectarse tanto a especie como o seu hábitat, comunicando o seu achado ó Servizo Provincial de Conservación da Natureza. Ademais, as posibles actuacións a desenvolver sobre vexetación ripícola deberán contar con autorización específica e asesoramento do Servizo Provincial de Conservación da Natureza.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



3.2.7. Procurarase que a configuración final dos noiros sexa o máis tendida posible, evitando as formas angulosas e rectilíneas, co fin de maximizar a integración paisaxística da actuación no contorno

3.2.8. Defíniranse as medidas precisas para consolidar os noiros e terrapléns que se xerarán durante os movementos de terra. De entre as medidas posibles, seleccionaranse aquelas que contribúan a unha mellor integración paisaxística (revexetación, estendido de mantas de fibras naturais, etc.).

3.2.9. No suposto de que por causas imprevistas se produciran danos a ecosistemas, en especial ós fluviais, tomaranse as medidas precisas para paliar os impactos, comunicándoo previamente ó Servizo Provincial de Conservación da Natureza correspondente.

3.2.10. Nas zonas forestais manteranse os usos actuais do solo, xa que unha transformación de usos forestais a agrícolas poderá afectar ó balance hídrico da zona e afectar negativamente o espazo natural protexido "Sistema Fluvial Ulla-Deza".

3.2.10. Desenvolveranse os labores de integración paisaxística definidos no proxecto ó que se fai referencia no punto 2.1.5 desta DIA, vixiando a evolución da revexetación, procedendo á reposición de calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidromenteiras e/ou plantacións previstas.

3.2.11.-Nas zonas de pendente superior o 30% non se deberá realizar cambio de cultivo, os trazado das pistas será mínimo e a xestión forestal deberá ter carácter conservacionista, **sendo respectuosa co solo**.

3.2.12.-Mentres dure o proceso de concentración suspenderanse os permiso de corta de especies de crecemento lento esta prohibición poderá rebocarse no momento que se estableza un protocolo de tramitación que vincule o Distrito co servizo de Montes e Industrias Forestais e co Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

3.2.13. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural levará a cabo o programa de vixilancia ambiental de acordo co indicado nesta DIA para esta fase e deberá elaborar os seguintes informes, cos contidos mínimos que se sinalan:

a) Trimestralmente:

- Cronograma actualizado das obras.
- Representación nun plano dos avances dos traballos e porcentaxe de execución das obras respecto do total, referido ós distintos elementos que as conforman.
- Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos ambientais máis salientables da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras. Nas fotografías indicarse a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.
- Resultados do control da calidade das augas superficiais e do plan de seguimento dos ruidos producidos polas obras, incluíndo no primeiro informe trimestral medicións preoperacionais da presión sonora e da calidade das augas.
- Neste informe indicaranse as variacións producidas respecto do proxectado.

b) Antes da emisión da acta de recepción:

- Memoria-resumo sobre o seguimento ambiental realizado, no que quede constancia das medidas protectoras e correctoras adoptadas en cumprimento do disposto nesta DIA.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMILLO
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



- Informe, no seu caso, das variacións introducidas ó longo das obras respecto do proxectado.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se aplicaron medidas protectoras e correctoras. Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.
- Incidencias producidas e medidas adoptadas para a súa resolución.

3.3. Fase de explotación

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural levará a cabo o programa de vixilancia ambiental de acordo co indicado nos puntos desta DIA para esta fase e deberá elaborar os seguintes informes, cos contidos mínimos que se sinalan:

- Memoria do seguimento realizado de acordo co programa de vixilancia ambiental.
- Reportaxe fotográfica onde se reflicta a integración paisaxística da actuación, indicando a data, hora, e localización dos puntos da toma das fotografías nun plano.
- Incidencias producidas e as medidas adoptadas para a súa resolución.

A duración da vixilancia ambiental nesta fase establecerase en función dos resultados obtidos ó levar a cabo este programa.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2009

Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Benito Basanta



ANEXO I

RESUMO DA ACTUACIÓN E DO MEDIO.

1.-Resumo do medio.

1.1.-Definición do ámbito de estudio.

A zona de Concentración Parcelaria de Barredo, Basadre, Eidián e Ramil, no concello de Agolada (Pontevedra), en adiante Z.C.P, obxecto do presente Estudo de Impacto Ambiental, localízase no concello de Agolada, nas parroquias anteriormente citadas, situadas no Noreste da provincia de Pontevedra, con unha superficie de 2.130,00 Ha, referida á área de estudo no Plano nº 1: Plano de Localización.

Os seus límites son:

- Norte: Río Ulla.
- Sur: Parroquias de Artoño e Borraxeiros.
- Leste: Concello de Antas de Ulla e Palas de Rei da Provincia de Lugo.
- Oeste: Parroquia de Artoño e o río Ulla.

Dentro das 2.130 hectáreas., existen varias zonas a excluír do proceso de Concentración por razóns de planeamento, solo de núcleo rural, 78 hectáreas, zonas xa concentradas, 24 hectáreas da parroquia de Barredo e 189 ha. na de Eidián, estimando o perímetro final da concentración a estudo de 1.839 ha.

1.2.-Medio físico e natural.

1.2.1.-Clima.

A zona de estudio atópase enmarcada nun clima fresco-hiperhúmido, que se caracteriza por unhas elevadas precipitacións (>1.400 mm.) repartidas principalmente nos meses de novembro, decembro e xaneiro; Os máis secos son os meses de xuño, xullo e agosto. A temperatura media anual rolda os 12°C, acadándose as temperaturas máis baixas nos meses de novembro, decembro e xaneiro.

1.2.2.-Orografía.

O concello de Agolada atópase enmarcado nunha plataforma caracterizada por presentar perfis redondeados, pouco abruptos e por estar moi fraccionada en pequenas unidades de relevo nas que se integra unha densa rede hidrográfica, encabezada polos ríos Ulla y Árnegu.

1.2.3.-Xeoloxía e edafoloxía.

Os principais materiais que aparecen na zona de estudo son gneises, esquistos e anfibolitas de Ordes, que se sitúan sobre un grupo de rocas básicas e ultrabásicas que integran o complexo de Melide.

Os solos caracterízanse por unha elevada acidez, elevados contidos en aluminio, baixa capacidade de cambio de pH, escaseza na reserva de bases, mala fixación do fósforo e do potasio, escaseza de determinados elementos facilmente asimilables e intensamente lavados polas augas de drenaxe.

1.2.4.-Hidroloxía.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIAN E RAMIL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



As parroquias de Barredo, Eidián, Basadre y Ramil atópanse limitadas ó norte polo tramo medio do río Ulla, o cal se caracteriza por unha sucesión de tramos abertos e encaixados, motivados pola presenza de fracturas, fallas e rochas de distinta dureza, que o obrigan a adquirir un trazado sinuoso.

O rego máis significativo destas parroquias é o Pamicela, que corre, de sur a norte, nun tramo de aproximadamente catro km. polo centro das parroquias de Eidián e Basadre, onde se une ó Río Ulla

Se incorporan ó antedito rego outros máis pequenos, sendo o máis importante pola esquerda o Rego de Amance, que tamén discorre polo centro da parroquia de Eidián, constitúe o Pamicela unha subconca do Ulla de ó redor de 677 ha.

Outro rego que desemboca no Ulla é o Galegos, discorre entre as parroquias de Eidián e Basadre, cun recorrido de aproximadamente dous km. e unha subconca cunha extensión de terreo que drena cara o mesmo de aproximadamente 520 ha.

Estes regos e regatos posúen un caudal uniforme e constante, debido á alta pluviosidade da zona, se ben en ocasións, secan no verán. Nas súas ribeiras, poboadas de vexetación ripícola atópanse a meirande parte das terras de cultivo.

1.2.5.-Flora.

Dende o punto de vista florístico, o concello de Agolada pertence ó sector Galaico-Portugues da provincia Atlántico-Europea, dentro da rexión Eurosiberiana, se ben hai que destacar a presenza de especies temófilas, propias da Rexión Mediterránea, en determinados puntos do concello.

Aínda que dentro do perímetro de concentración non aparecen especies incluídas dentro do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, nin na Directiva Hábitats 92/43, cómpre subliñar a presenza de tres especies catalogadas como ameazadas no *Libro Vermello da Flora Vasculare Ameazada de España*, do ano 2003, son as seguintes:

Armeria merinoi, (CR), En Estado Crítico. Endemismo gallego propio de solos temporalmente asolagados, sobre substrato ultrabásico. Tense visto na parroquia de Basadre, aínda que dende hai uns anos xa no se localiza.

Santolina melidensis, (CR), En Perigo Crítico. Especie endémica gallega que figura entre as comunidades pioneras que se desenvolven sobre solos esqueléticos derivados de rochas serpentinizadas.

Leucanthemum gallaecicum, (EN), En Perigo. Endemismo exclusivo do afloramento serpentínico do centro de Galicia. Presentase de forma puntual nos montes de Basadre, Santiso, Palas de Rei e algunha outra localidade próxima.

1.2.7.-Paisaxe.

O Concello de Agolada posúe unha destacable variedade paisaxística. Algunhas zonas, como as ladeiras do río Arnego, o entorno preto do embalse de Portodemouros e o área recreativa Santiso-Agolada, están consideradas de interese comunitario debido a presenza nas mesmas dun importante número de ecosistemas e dalgunhas especies de gran importancia ecolóxica

2.-Resumo da actuación prevista.

O proceso de concentración consta de 3 partes ben diferenciadas (Plan de Obras, Plan de Concentración e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de moi diferentes xeitos e en distinto grado, se ben todos eles se atopan intimamente ligados.

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIÁN E RAMIL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
CLAVE: 2006/0313



A continuación presentase, en forma de cadro, as correspondentes etapas para cada un dos proxectos de concentración:

		ESTUDIOS PREVIOS	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
Proceso de concentración	Plan de Obras	Proxecto da rede viaria	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
	Plan de Concentración	Levantamento Topográfico	Replanteo de novas fincas	Toma de Posesión das novas fincas
		Bases Provisionais		
		Bases definitivas		
		Proxecto de concentración		
	Acordo de Concentración			
Plan de Acondicionamento de Fincas	Proxecto de Acondicionamento de Fincas	Execución de obras		

As actuacións que conlevan un maior risco de operacións de maquinaria e risco de deterioro dos elementos ambientais, son o acondicionamento de fincas e o plan de obras.



ANEXO II


RESUMO DAS MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS PROPOSTAS NO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL

Ó longo do proceso de Concentración Parcelaria debemos tratar de introducir unha serie de medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias co fin de previr, paliar ou corrixir o impacto ambiental que orixinan no medio as distintas accións do proceso. Estas medidas aplicaranse as:

- ZONAS E ELEMENTOS A CONSERVAR


- MEDIDAS PROTECTORAS NA FASE DE FORMULACIÓN

- Definición de subperímetros (inclusiones, rectificacións ou exclusións)
- Localización daqueles enclaves sensibles as actuacións da concentración parcelaria
- Métodos de conservación dos enclaves de interese ambiental dentro da Zona de Concentración Parcelaria.
 - Zona LIC "Sobreirais do Arnego"
 - Húmidais "Encoro de Portodemouros"
 - Vexetación de ribeira
 - Sebes e lindes arborados
 - Pés illados de especies vexetais autóctonas
 - Piñeirais e eucaliptais replantados
 - Vexetación autóctona de carballos, castiñeiros e sobreiras
- Deseño do trazado da nova rede viaria
- Deseño das novas leiras de reemprazo
- Deseño de noiros e terrapléns
- Calendario de obra
- Formulación de plans de emerxencia de verteduras
- Ríspeto das zonas de protección de xacementos arqueolóxicos
- Implementación dun fondo de terras



- MEDIDAS A APLICAR DURANTE AS FASES DE EXECUCION E EXPLOTACIÓN

- Atmosfera
 - Control da emisión de ruído
 - Rega de camiños e emprego de lonas para evitar o levantamento de po
- Recursos hídricos e solos
 - Restricións ó paso da maquinaria
 - Retirada, acopio, conservación e recuperación da terra vexetal
 - Integración dos noiros de camiños na paisaxe
 - Ubicación axeitada das zonas de provisións de materiais, maquinaria, préstamo e vertedoiros
 - Definición de zonas exclusivas para o cambio de aceites, lubricantes, etc.
- Vexetación
 - Protección da vexetación
 - Protección de marxes e ribeiras
 - Perigo de introdución de especies alóctonas e invasoras
 - Danos sobre a zona L.I.C. "Sobreirais do Arnego"






- Fauna
 - Adecuación das obras a épocas non delicadas para a fauna
- Procesos
 - Prevención de incendios
- Medio Socioeconómico
 - Accións xerais de formación
 - Ordenación de cultivos
 - Fertilización
 - Tratamentos fitosanitarios
 - Medidas de protección do patrimonio cultural
 - Medidas para evitar a simplificación e perda da toponimia
 - Medidas para garantir a seguridade e saúde dos traballadores
 - Medidas para garantir a seguridade e saúde da veciñanza
 - Medida compensatoria
- Paisaxe
 - Integración paisaxística



ANEXO III

1.-CROQUIS DA ZONA DE CONCENTRACIÓN.



DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARREDO, BASADRE, EIDIÁN E RAMIL.
 PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
 LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA).
 CLAVE: 2006/0313